



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Anuncio sobre aprobación inicial da modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución de auga do Concello de Melide

EDICTO

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do 27 de outubro de 2023 acordou aprobar inicialmente a modificación do artigo 6 da Ordenanza Fiscal número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución de auga, o que se expón ao público na Intervención municipal, durante trinta días hábiles, que comezarán a contar dende o seguinte día hábil ao da derradeira publicación deste anuncio no taboleiro de edictos do Concello ou no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non se presentar reclamacións, entenderanse definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

Melide, 27 de outubro de 2023

O alcalde,

José Manuel Pérez Penas

2023/8541